

NINGÉN NACE HAPRENDIDO

A FRECUENCIA DA CICATRIZ

Taller inclusivo de investigación escénica

Impartido por Marta Pazos e Laila Ripoll

Do luns 1 ao venres 5 de xullo de 10.00 a 15.00 h; sábado 6 de xullo de 17.00 a 22.00 h (mostra aberta)

Salón Teatro. Santiago de Compostela

Este taller inclusivo de investigación escénica no que cohabitarán artistas con moi diversas capacidades é unha nova colaboración do CDG co festival *Unha ollada diferente* (*Una mirada diferente*), organizado polo CDN baixo a dirección artística de Miguel Cuervo, Inés Enciso e Magda Labarga; e propicia un espazo de encontro de dúas voces do teatro actual. Unha propón traballar sobre as cicatrices, a outra sobre o son e o silencio.

A cicatriz

Todas as persoas temos cicatrices. Algunhas son diminutas, case imperceptibles; outras enormes. Algunhas lémbra-nos feitos que preferiamos esquecer. Outras salváronos a vida. Hainas agochadas e hainas visibles, están as que desfiguran e as que favorecen, antigas ou novas: as familias, os pobos, as cidades... A Historia está atravesada por infindas cicatrices. Investigar todas estas cicatrices, converter a cicatriz en materia para o xogo. Converter a cicatriz en teatro, en arte. Case nada.

A Frecuencia

Que frecuencia ten o latexo do meu corazón? Latexa na mesma que o teu? Cantemos unha canción xuntas. Compoñamos unha sinfonía en silencio dende as frecuencias dos nosos latexos, falando coas nosas mans, bailando cos nosos corpos. Fagámolo con frecuencia tamén. Dende o número de oscilacións que se producen nunha unidade de tempo. Axitemos os nosos corpos cunha vibración alta. Percibamos os fíos invisibles que nos rodean e tensémolos para estar moi preto.

Tocar. Ouvir. Non ouvir. Sentir. Amar. Todo é empezar.

MARTA PAZOS

Directora de escena, escenógrafa e intérprete. É directora artística e dramaturga da compañía Voadora. Licenciada en Belas Artes pola Universidade de Barcelona na especialidade de pintura, amplía a súa formación na Scuola Cònia da Societas Raffaello Sanzio, dirixida por Claudia Castellucci. Algunhas das institucións coas que ten colaborado son o CDN, Teatro Real, Teatro Español, Teatre Lliure ou o CDG. Conta, entre outros galardóns, con tres premios María Casares, dous como directora e un como escenógrafa; e o Premio de Honra "Dorotea Bárcena" XXIX FETEGA-2018 a toda a súa traxectoria.

LAILA RIPOLL

Autora e directora, é socia fundadora de Producións Micomicón. Ten dirixido para o CDN, a Compañía Nacional de Teatro Clásico ou o Festival de Mérida, entre outros. É autora de máis dunha vintena de textos dramáticos que están traducidos a máis de dez idiomas. Recibiu o Premio Nacional de Literatura Dramática, o Max, a Homenaxe da Mostra de Autores Contemporáneos, o Ojo Crítico ou o José Luis Alonso.

INFORMACIÓN ÚTIL

Prazas

20

10 actrices/actores profesionais ou con formación actoral previa

10 actrices/actores profesionais ou con formación actoral previa con diversidade funcional

Lugar e horario

Salón Teatro, Rúa Nova 34 15705 Santiago de Compostela

De luns a venres de 10.00 a 15.00 h. Sábado de 17.00 a 22.00 h (mostra aberta)

Total sesións e horas

6 sesións. Total 30 horas

Selección

As persoas solicitantes deberán enviar o seu curriculum debidamente actualizado a centro.dramatico.galego@xunta.gal co asunto “Taller CDG de investigación escénica”.

Prezos

95 € para participantes

60 € para participantes membros da AAAG e da asociación de Artistas de Circo / estudantes / desempregados

45 € para ouvintes

Prazo de recepción de solicitudes

Do mércores 5 ao domingo 16 de xuño

Publicación da lista de participantes

Venres 21 de xuño na web do CDG (www.centrodramatico.gal)

Só serán avisadas por correo electrónico as persoas seleccionadas como participantes e as que estean incluídas na lista de espera.

Formalización de matrícula

Do venres 21 ao luns 24 de xuño.

As persoas seleccionadas deberán ingresar o importe correspondente en Abanca na conta núm. ES66 2080 0388 2531 1000 2055 baixo o concepto “Taller CDG de investigación escénica”.

Para asegurar a praza nos talleres, cumprirá realizar o ingreso dentro do período establecido, e remitir o xustificante bancario do ingreso xunto co formulario de inscrición debidamente cuberto a centro.dramatico.galego@xunta.gal. De non facerse, a praza será ocupada pola seguinte persoa na lista de espera.

+ información

Tel. 881 867 229/26 de 9.00 a 14.00 h

centro.dramatico.galego@xunta.gal

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

Salón Teatro. Rúa Nova, 34

15705 Santiago de Compostela

Tel. 881 867 229

centro.dramatico.galego@xunta.es

www.centrodramatico.gal

www.agadic.gal

 [cdg.salonteatro](https://www.facebook.com/cdg.salonteatro)

 [cdg.salonteatro](https://www.instagram.com/cdg.salonteatro)

 [centrodramatico](https://www.youtube.com/centrodramatico)

NINGÉN NACE HAPRENDIDO

A FRECUENCIA DA CICATRIZ

Taller inclusivo de investigación escénica

Impartido por Marta Pazos e Laila Ripoll

Do luns 1 ao venres 5 de xullo de 10.00 a 15.00 h; sábado 6 de xullo de 17.00 a 22.00 h (mostra aberta)

Salón Teatro. Santiago de Compostela

FORMULARIO DE INSCRICIÓN

Nome e apelidos

DNI / Pasaporte

Data e lugar de nacemento

Teléfono / móbil

Correo-e

Dirección postal

Observacións

A presente inscrición no taller *A frecuencia da cicatriz* ten un custo de (marcar o que corresponda):

☐ 95 € para participantes

☐ 60 € para participantes membros da AAAG ou da asociación de Artistas de Circo / estudantes / desempregados (é necesario acreditar a condición)

☐ 45 € para ouvintes

a ingresar en Abanca na conta nº ES66 2080 0388 2531 1000 2055 baixo o seguinte concepto: "Taller CDG de investigación escénica".

Cómpre remitir este formulario debidamente cuberto, xunto co xustificante bancario do ingreso, ao correo electrónico

centro.dramatico.galego@xunta.gal ata o luns 24 de xuño.

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

Salón Teatro. Rúa Nova, 34

15705 Santiago de Compostela

Tel. 881 867 229

centro.dramatico.galego@xunta.es

www.centrodramatico.gal

www.agadic.gal

 [cdg.salonteatro](https://www.facebook.com/cdg.salonteatro)

 [cdg.salonteatro](https://www.instagram.com/cdg.salonteatro)

 [centrodramatico](https://www.youtube.com/c/centrodramatico)